

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO  
DESTE CONCELLO O 2 DE FEBREIRO DO 2012**

Hora de celebración: **19:00 horas**

Lugar: **CASA CONSISTORIAL DE O BARCO DE VALDEORRAS**

Tipo de Sesión: **ORDINARIA**

Convocatoria: **PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

**ALCALDE- PRESIDENTE:**

D. ALFREDO L. GARCÍA RODRÍGUEZ

**CONCELLEIROS/AS:**

D. EDUARDO OJEA ARIAS

D. MIGUEL NEIRA OJEA

D<sup>a</sup> NATALIA ÁLVAREZ DIÉGUEZ

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. MERCEDES ANA MOLDES ARES

D. LUIS V. ARIAS FERNÁNDEZ

D. AURENTINO ALONSO ARAÚJO

D. JULIO FERNÁNDEZ ARIAS

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> IRENE DACAL FEIJOO

D. MOISÉS BLANCO PARADELO

D. CARLOS JAVIER CRESPO DÍAZ

D<sup>a</sup> NIEVES RODRÍGUEZ VOCES

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ESTELA DELGADO FERNÁNDEZ

D. ANTONIO MELO GARCÍA

D<sup>a</sup> MANUELA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ

D. VITOR MANUEL SIERRA NIEVES (*In-  
corpórase á sesión ó longo do Punto n<sup>o</sup> 2 da  
Orde do día*)

**SECRETARIO ACCTAL:**

D. JOSÉ DE LIS SANTOS-ASCARZA

**INTERVENTOR:**

D. JOSÉ MANUEL MUÑOZ DOMÍNGUEZ

Na Casa Consistorial de O Barco de Valdeorras, o dous de Febreiro do dous mil doce, sendo as dezanove horas, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **D. ALFREDO L. GARCÍA RODRÍGUEZ**, reúnese no Salón de Sesións a Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria,

constituíndose coa asistencia dos Sres/as arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario Acctal Sr. De Lis Santos-Ascarza.

O Concelleiro **Sr. SIERRA NIEVES** incorpórase á sesión no transcurso do Punto nº 2 da Orde do día.

Descúlpase a asistencia do Concelleiro **Sr. MOLDES GÓMEZ**.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto, realizada coa antelación regulamentaria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e orde do día, no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

Di o Sr. Presidente que <<hay una costumbre que hemos mantenido a lo largo de los años, de que a y cinco se empieza el Pleno y hemos empezado Plenos sin Concelleiros de los dos Grupos, porque no habían llegado.....son y ocho por mi reloj y yo creo que procede empezar; por lo menos vamos empezando porque los primeros temas no tiene mayor trascendencia y espero que en este intervalo Vitor se incorpore al Pleno.

Antes de empezar, excusar la ausencia de Arsenio, y de paso darle el pésame, no sólo a él sino a dos trabajadores, dos familiares más que son traballadores deste Concello, un policía municipal y un obrero de la construcción, de la Brigada de Obras. Por tanto que conste en Acta el pésame del Concello para los tres miembros de esta Corporación, de una u otra manera. >>

## **A.- PARTE RESOLUTORIA**

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA-BORRADOR DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA O DÍA 22-DECEMBRO-2011.-**

Pregunta o Sr. Alcalde-Presidente se existe algunha observación que facer á acta da sesión anterior, correspondente á celebrada o día 22 de Decembro de 2011.

Sen que se formulase ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos quince membros presentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE PATRIMONIO, FACENDA, CONTAS E PROMOCIÓN ECONÓMICA RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE GASTO 2010-71 “ACHEGA MUNICIPAL PARA CAMPO DE HERBA ARTIFICIAL EN VILOIRA”.-**

Di o Sr. Alcalde que <<como xa se explicou na Comisión celebrada o día 30 de xaneiro, nós no ano 2010 presupostamos unha cantidade de 75.000€ para a achega municipal para o campo de herba artificial; co paso do tempo, eso tardou lóxicamente en adxudicarse, adxudicouse practicamente a finais de 2011, entóns lógicamente ese dinero está ahí pero en aquel momento como no se tenía muy claro cómo se iba a executar la obra, quién la iba a executar, quién iba a pagar, etc., etc.>>

Incorpórase á sesión o Concelleiro **Sr. SIERRA NIEVES**

<<Lo que se hizo –**segue a dicir o Sr. Alcalde**- fue ponerla en una Partida 6, que es *Inversión*, lo que tenemos que hacer con 60.000 de aquellos euros es transferírselos a la Diputación....nosotros se los transferimos porque quien paga es la Diputación, por lo tanto lo que procede en esos casos, como es una transferencia a otros Organismos, a otras Administraciones, debería de estar en una Partida 7. Entóns, lo que hacemos ahora, para que ese dinero esté activo y efectivo este año, lo pasamos de la Partida 340/622.10 a la Partida 340/750.11, es un tema simplemente administrativo y nada más. Esto fue dictaminado favorablemente, como digo, en la Comisión del 30 de Enero del 2012, con 7 votos a favor y 1 abstención.>>

**Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo** para dicir “*gracias Sr. Alcalde. Boas tardes e quixera tamén sumarme ás palabras que dixo o Alcalde; para nós, o Grupo Popular, pois é un día complicado polos lazos de unión que podemos ter con esa persoa e tamén dicir que nós somos representantes cidadanos e hoxe pois este tipo de mortes.... que hai que recoñecer que no Barco ultimamente estamos pasando unha serie de mortes un pouco chamativas, sobre todo cando son de alguen tan xoven, estamos falando da miña idade por exemplo, unha persoa coa que estudiei, pois moitas veces é incomprendible pero no temos máis remedio que mostrar o noso profundo pesar.....*

*Con respecto ó punto do Orde que estamos agora mesmo a debater, quero dicir que nós alegrámonos de que no Campo empezaran xa as obras, se non estou mal informado, este Luns non senón foi o Luns pasado cando*

*xa se empezaron a facer as obras. Eu simplemente Sr. Alcalde, en canto ás miñas responsabilidades, como Deputado de Deportes na Deputación, ó mellor como se sole decir, non saben si fixo moitas cousas, poucas ou non, pero eu si que podo decir a vostedes, seguramente lles constará e ós demais compañeiros que saben que traballei dende a miña posición para poder conseguir que o Campo de O Barco figure nesa lista de campos que se van a facer e dende logo que é unha satisfacción por poder facer eso, acometer a achega pero o final é a Deputación a que vai a facelo, é dicir non entrou a Xunta nesta contratación, foi co Concello como estaba comprometida nun principio. Desexar que as obras se fagan, non vou a dicir o máis rápido porque na Comisión si que vimos algunhas cuestións que hai que mellorar e tomar con calma, pero desde logo que se fagan da mellor forma posible, é dicir que se vaian dando os pasos pouco a pouco, e desde logo tamén que a climatoloxía permita que sexa unha boa obra e que quede un bo resultado, penso que o deporte do fútbol está nun bo momento no Barco e que merecía desde logo O Barco ter unha instalación como un campo de herba.”*

Sen máis intervencións, a Corporación por 15 votos a favor do PSOE e do P.P. e 1 abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

\*A modificación do proxecto de gasto 2010-71, e concretamente, da partida de gasto asociada ao mesmo, para que se acomode á natureza do gasto derivado do cofinanciamento coma transferencia de capital:

**Onde dicía:**

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Proxecto</u>
340/622.10	Administración Xeral de Deportes.Edificios e outras construcións. Achega campo de herba Viloira.	2010-71

**Pasará a dicir:**

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Proxecto</u>
340/750.11	Administración Xeral de Deportes.Edificios e outras construcións. Achega campo de herba Viloira.	2010-71

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE CULTURA E TURISMO RELATIVO Ó “NOMENCLÁTOR DA LOCALIDADE DE VILANOVA”.-**

Pide a palabra o Sr. Ojea Arias, Concelleiro-Delegado de Cultura para dicir “boas tarde a todos e a todas. Antes de nada gustaríame introducir

*unha proposta de emenda relativo ao que se aprobou na última Comisión de Cultura. Se non hai ningún inconveniente debatímola.”*

Sometida a votación a **emenda** presentada polo Grupo Municipal do **PSOE** é aprobada por unanimidade dos **dezaseis** membros asistentes, sendo introducida no presente Acordo

*“Na última Comisión de Cultura –segue a dicir o Sr. Ojea Arias- do Concello de O Barco celebrada o 19 de xaneiro dictaminouse favorablemente a proposta da Alcaldía en relación co nomenclátor das rúas da localidade de Vilanova que se reproduce a continuación:*

*\*\*O Concello do Barco, en colaboración coas asociacións culturais dos núcleos rurais, ven desenvolvendo un proxecto para determinar os nomes das rúas de diferentes poboacións. Nestes momentos está rematado o traballo de Veigamuíños e Éntoma, e a intención do Concello é culminar o proxecto do núcleo de Vilanova. Neste caso entregáronse os planos das rúas da poboación ao alcalde pedáneo e Vilanova e falouse tamén coas responsables da Asociación cultural \*O Mosterio\* para que levaran a cabo a identificación exacta dos nomes de cada unha das rúas. Os técnicos municipais remataron o traballo coa numeración das casas e solares, e os cambios necesarios nas numeracións, tanto actuais como para o futuro. Dese traballo xurdiu un expediente que nestes momentos está rematado para proceder á súa aprobación. Por todo isto propoñemos ao pleno a adopción do seguinte acordo: 1) Aprobación do rueiro da localidade de Vilanova; 2) Que dende o Departamento de Estatística se leven a cabo os trámites necesarios para a súa entrada en vigor\*\**

*Esta proposta foi aprobada, se non recordo mal, por oito votos a favor e unha abstención.*

*Desde que se presentou esto na Comisión, (así moi rapidamente para que a xente saiba de qué estamos falando) bueno, en principio solamente existían tres vías en Vilanova e o seus números eran correlativos, a idea era localizar e identificar todas as rúas de Vilanova dándolles nomes e números pares e impares, agás as Gulpilleiras que xa tiña unha parte numerada e se mantiña dende o 56 ao 106, os demais ampliase con números pares dende o 108 ao 132 e números impares do 107 ao 125. Estes nomes que se levaron a Comisión foron propostos polo pedáneo D. Manuel Álvarez e partiuse da Praza central, considerando pares á dereita e impares á esquerda a medida que se alexaba un da Praza. Neste traballo que se presentou existe un resumen onde ven un número de listado, o tipo de vía, centros administrativos, o nome, o número e ademais o número de vivendas e o seu uso, si era un galpón, si era unha vivenda, si era un garaxe, etc.. En cada praza ou rúa, tamén neste mesmo*

*traballo, vai o número antigo e o número novo, pois tamén si é unha vivenda, si é un solar, si é un garaxe, etc., O traballo monográfico que se fixo foi correxido por unha licenciada en filoloxía, funcionaria de carreira, que traballa no Instituto Lauro Olmo, co cal, dalgún xeito en termos xerais ven validada un pouco por xente que sabe do idioma. Había comentarios, algún deles se fixo na mesma Comisión de Cultura, que podían ser, dito tamén pola Funcionaria, podían ser validados, non estrictamente correcto o seu uso pero que a propia utilización dos veciños validan en certa medida o seu nome, para ela consideraba que era tan válido como poñer o nome máis exacto.*

*Nós, logo daquel debate, houbo certos temas que xa nos habían xenerado algunha posible e difícil interpretación. Un deles era Vilobal, no pobo hai Vilobal con dous uves e despois no Camiño de Vilobal era “v” e “b”, bueno pois nese debate chegouse a falar de si \*val\* viña de valle....ben , parecía que podía ser, o que pasa que eu estuven buscando información e en todos os manuscritos nos que traballamos viña “v” “b”, Vilobal, ¿cál era a causa?, pois a causa probablemente según me comentaron xente entendida neste, dice que Vilobal non se pode separar porque é un nome, non é un topónimo, senón que é un nome propio, o nome de algo, co que non tiña sentido repartir “Vila” e “val”, de aí que nesa proposta que nós facemos Vilobal quede tal como ven no rueiro feito polos técnicos e pola veciñanza.*

*O outro tema que tamén ven na proposta, que tamén estamos a debatir, é outro dos temas que se falou e que en certa medida tiña razón no debate que se fixo, é “fragua”, a rúa da Fragua, en Vilanova sempre que coñeceu así pero oficialmente sería “forxa”, sin embargo deu a casualidade que esa “rúa” que ven no proxecto non é tal rúa, ten unhas cancelas e a dona xa veu precisamente, cando saliu nos medios de comunicación, veu inmediatamente ao Concello a decir que calle non era que era dela, e na proposta que levamos nós, nesta emenda, é retirar do proxecto o “Camiño da Fragua” por tratarse dun camiño particular porque ademais non hai ningún veciño, e a súa introducción, polo tanto, é innecesaria.*

*Polo demais, o traballo, repito, considero que é un traballo moi ben feito, un traballo, dende o punto de vista procedemental, que eu penso que é dos mellores que se fixeron con respecto aos rueiros dos núcleos rurais.”*

**Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo** para dicir *“nós pensamos que o importante deste punto, do que se vai a aprobar, en definitiva, son dúas cousas, por un lado está que con este novo rueiro podemos facilitar as cousas tanto aos propietarios das vivendas como aos carteiros, etc., por eso se fai, podendo solucionar problemas que poden xurdir chegado o momento, había máis números que nalgunhas rúas que temos no Barco*

*desde logo ben grandes, pois por un lado nós apoiamos esto para que sirva para solucionar problemas, por outro lado tamén estaría pois a parte, vamos a decir, sentimental, a parte histórica, que nós tamén vemos ben porque a través dos nomes nos pobos, nas cidades, pois axuda a coñecer a historia, neste caso das tradicións e do que sucedeu nese pobo. Nós non temos nada que decir que si en determinado núcleo rural pois un dice \*aquí poñemos rúa do muiño porque aquí toda a vida había un muiño\*, pois de acordo, nós sempre que veña precedido de consenso veciñal, que estean todos eles de acordo, non vamos nós a decir que non, nós neso non hai ningún problema, o que sí gustaríame plantexar unha proposta de cara a futuras ocasións e é que ademais de que se consulte ao Pedáneo, e o Pedáneo que faga as súas consultas, e ás entidades ou asociacións culturais, ó mellor noutros sitios non as hai, eu penso que sería interesante que cando se vaia a aprobar esto se faga unha reunión, un Concello, e que se levante un acta tamén para que todos os veciños sepan que tal día convócase un Concello con ese punto do orde do día e que conste a aprobación, penso que eso non é malo é realmente positivo e tamén así despois evitamos pois moitas veces que esten decindo que non se enteraron cando se fixo, e que eu non estaba de acordo.....eu penso que si no expediente ademais das reunións que se fagan cos Pedáneos, se poda adxuntar un acta dun Concello na que conste que se vota e queda aprobado, eu penso que é positivo.*

*Por outra banda, estamos de acordo co que expuxo o Concelleiro de Cultura e votamos favorablemente.”*

**Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves** para dicir “boa tarde Concelleiros e Concelleiras e demais asistentes. A miña intervención irá no mesmo sentido da que fixen na Comisión de Cultura onde se tratou este tema. Nesa Comisión pois parabenicei ao Goberno por ter un traballo feito con esforzo, non hai máis que velo, e por ter a intención de por nomes tradicionais ou históricos ás rúas de Vilanova, pero que os topónimos estean o máis correctamente posible é unha das cuestións que máis transcendencia ten para a normalización lingüística, moitas veces a lingua sobrevive nos topónimos. Que este proxecto non foi feito co debido coidado e prestando a máxima atención pois demostrao todos eses erros que apuntei, desde o meu punto de vista que non son ningún experto, apuntei nesa Comisión. O Concelleiro acaba de explicar eso de \*Vilobal\* e no nomenclátor da Xunta de Galicia, que é de 1996, na páxina 13, recolle \*Viloval\* con “v”; hai outros topónimos dubidosos como \*curtiñas\* ou \*laguas\* e moitos máis, ademais de ter incorreccións ortográficas ao longo do texto do proxecto, si o Concelleiro dice que foi correxido neste último tempo, probablemente esas incorreccións ortográficas xa non estean. Para o BNG é fundamental facer este tipo de traballos co debido rigor, e non se

*fixo co debido rigor e me parece que como sempre dun xeito trapalleiro de proceder e o demostra pois estas emendas que onte era unha emenda e hoxe é outra, onte queríase modificar Vilobal e hoxe xa Vilobal non entra nesa emenda.*

*Pensamos que este proxecto ten que seguir sendo revisado por un experto e non lle fan falta so correccións ortográficas, que tamén, supoño que é o que corruxiría esa experta, senón que aparte dun corrector ortográfico o que precisa pois é un traballo de campo máis exhaustivo para comprobar que as formas recollidas destes lugares son as correctas, e este traballo ten que facelo unha persoa experta en lingua e que coñeza o territorio e facelo sobre o terreo. Por todo isto, solicitamos ao Goberno que o Proxecto quede sobre a mesa, pendente de aprobación, e que se traia ao Pleno unha vez que sexa revisado, xa que non vemos a présa que teñen para aprobar un proxecto destas características, que podería perfectamente esperar un pouco máis para ir ben feito e aprobarse noutro Pleno. Repito que non vemos a presa.”*

**Pide a palabra o Sr. Ojea Arias** para dicir “ben, simplemente contestar un pouco, dicir que estamos de acordo perfectamente co que comentou. Con respecto ó Voceiro do BNG pois présa non hai ningunha pero ¿qué motivo hai para non facelo?, é que non entendo o motivo que hai. Nós consideramos que o traballo está aí, non lle vamos a dicir aos veciños que non é *\*cortiña\** que é *\*cortiño\** ou ó revés, e nos diran “eso dícelo tu” como nos dixeron; no caso da *\*fragua\** pois mira no caso da *\*fragua\** dixerónmo á cara, sin ter nada que ver dixerónmo á cara, e ademais a que mo dixon non penses que se queda calada, dixomo claramente, *\*mira, ni loco pondeis ahí el nombre\**, bueno pois non se pon; Vilobal, eu case, case estaba convencido de que podía vir de *\*vilo\** e *\*val\**, eu non son lingüista, sin embargo hai cousas que van a quedar ahí no tempo, entonces eu estuven traballando, hoxe en día co Internet que temos todos e que sabemos utilizar máis ou menos, pois saen moitas cousas e *\*V–b\** ven en case todo, Camilo José Cela en *\*A Mazurca dos Mortos\** aparece o tema *\*Vilobal\**; aparece *\*Vilobal\** en galego, portugués.....perdón, en brasileiro, en portugués, hai zonas, termos municipais con *\*V–b\**. Tamén atopei na propia Biblioteca Nacional de España *\*Guía de viajes descriptivos\**, de 1886, e dice que *\*\*teñen estación de ferrocarril Madrid-La Coruña.....entre outros Barco de Valdeorras, cabeza de partido judicial con 640 habitantes asentados sobre la vera.... sus blancas edificaciones y su poético castillo de camarasa, en la opuesta orilla de Villoria..... Barja y Vilobal (\*V –b\*)\*\**, en todos los sitios donde yo me preocupé de buscar aparece Vilobal (V–b). Un estudio feito sobre a toponimia dos pobos do 1973 tamén fala, dice *\*\*Aquí se muestra una parte*



de..... Vilobal (V –b) cítase algun dos lugares deste pobo, Albarelos, Burato, Cementerio, Cabañon, etc. etc.\*\*

*O nome de Vilobal dende hai máis de 200 ou 250 anos pois aparece en todos os testamentos, compraventas, practicamente en todos os papeis daquela época aparece sempre \*v-b\*, claro, eu non sei si está ben escrito ou non está ben escrito, é entrar nunha dinámica de decir que todo aquilo estaba mal....penso que eu non estou capacitado para saber si é \*v-v\* ou \*v-b\*....lévase facendo en todos os documentos que eu atopei, incluso preocupeime de buscar si había prefixos de orixe latino do que puidera vir ou de orixe grego, pois nada, no atopei nada que poidera decir que tiña que ser con dous \*v\*. Xavier Lago Mestre tamén, ultimamente pois este foi un traballo que fixo en xaneiro do 2012 \*\*Por suposto, hai que recomendar outras rotas alternativas a do Serro, por Vilobal\*\* \*v-b\*, etc. etc., Incluso, e con esto remato, na Biblioteca Nacional de España aparece \*Vilanova con su blanca espadaña, Reporicelo, la Barja, Vilobal (v-b) y Rubiá\*....é decir, para min estas son probas demasiado....ó mellor a min seguramente me parecía que sería \*v-v\* pero as probas que teño non mo dicen polo tanto por eso fixen a proposta, cambiei a proposta por eso. Entón penso que non hai motivos suficientes para manter eso.”*

**Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves** para dicir “no caso do \*Camiño da Fragua\* demostra que non hai tanto consenso veciñal como dicían, pois acaba de dicir o Concelleiro cunha veciña dixo que nin loca se poñía alí...”

“Porque ten cancelas **-di o Sr. Ojea Arias-** porque alí non vive naide”

“Vostede – **segue a dicir o Sr. Sierra Nieves-** acaba de dicir que non é lingüista nin experto, eu tampouco, é dicir ningún dos dous vamos a decidir poñer un termo ou outro, por eso o ten que facer un experto. O caso de Vilobal, que simplemente apuntei o iceberg de toda esa lista de camiños, calles e prazas, simplemente é un exemplo, o que sí que o normativo é o da Xunta, o que recolle o nomenclátor da Xunta, e volvo a dicir que nin vostede nin eu somos capacitados para eso, por esto ten que facelo un experto. Vostede buscou moita información, como saberá nos manuscritos do medievo moitas veces, a maioría das veces ou sempre, as \*v\*se facían moi prolongadas e eso deu pé a confundir \*v\* e \*b\* ao longo da historia.

Que este proxecto se fai con moita présa me consta porque desde o Concello se fixeron varios contactos para que se corrixa rapidamente e como tiñan que meter esto rapidamente neste Pleno, senón este Pleno viña sen Orde do día, pois quixerono meter sen telo corrixido, por eso volvo a pedir que eso quede sobre a mesa, que se revise ben e que se traia a outro Pleno porque si Vilanova estivo sen nome de rúas ata agora, pode quedar un mes máis ou dous ou un ano máis.”

**Di o Sr. Alcalde** que <<eu creo que o tema está suficientemente debatido, pero una pequena puntualización porque es importante: cuando hablamos de que lo haga un Técnico, estamos hablando de un Técnico que opine como usted, porque si traemos un Técnico que opina de otra manera, entonces no sabemos si le va a valer, y le voy a poner un exemplo concreto, hace tres o cuatro años, no recuerdo, este Pleno aprobó la revisión desde o punto de vista da lingua galega de todas as rúas do Barco, de todas, e o fíxo un Técnico que vostede coñece ben, o tiña daquela contratado o Concello do Barco.....fixoo un licenciado en lingua galega, que ademais era experto ou traballaba en temas de toponimia e demais, e o Camiño de Vilobal xa existe no Nomenclátor do Barco, onde remata a Av do Bierzo, se coge el Camino de Vilobal hasta la última casa, que eso es de O Barco y a partir de ahí es de Vilanova y esa calle es Camiño de Vilobal con \*v\* e con \*b\* e fixoo un Técnico e nosotros lo dimos por bueno.....y a lo mejor estamos confundidos, puede ser, si estamos confundidos y hay que cambiarlo se cambia, no pasa nada por corregir algo, pero repito tenemos un precedente revisado por una persona a la que nosotros, al menos, considerábamos experta y que dimos por bueno su trabajo....os acordaréis cuando se hizo todo, se cambió todo y se corrigieron todos los nombres de las calles y se pusieron en gallego correctos, por lo tanto, no estamos tan descaminados, y repito, lo de la \*rúa da Fragua\* usted ahora lo tergiversa porque no es que una señora dijera que no quería, no, mire, toda la vida todos los vecinos de Vilanova llaman a ese camino \*Camiño da Fragua\*, porque allí había una fragua y está el nieto, vive ahí el nieto.....¿porqué se puso? pues se puso porque había una casa abandonada que no vivía nadie y.....>>

*“Pero entonces no había tanto consenso”*, **di o Sr. Sierra Nieves**.

<<¿Cómo que no había consenso –**di o Sr. Alcalde**- si es una persona sola de doscientas o de trescientas personas?, ¿usted que entiende por consenso?....y la señora dijo *\*joiga este camino es mío, no es una calle, es mío!\** nosotros como había una calle se dijo, pongámosle nombre, porque mañana alguien puede comprar esa casa y vivir allí y ya tiene el nombre de la calle, el día que eso suceda y alguien se empadrene allí, que puede suceder, lógicamente tendrá que venir al Pleno la aprobación de qué nombre le ponemos a aquella calle.....de momento la gente lo conoce como \*Camiño da Fragua\*, toda la vida le llamó así, incluso la profesora cuando le llevamos la relación de calles, que se la llevó el Concelleiro de Educación, pues lo puso, quiero decir que estamos hablando de un tema que no hay porqué parar, evidentemente, ni contratar un Técnico para una cuestión, repito que hay una cuestión que se ha retirado pero no por problema de lengua o de idioma sino por problema de que es un camino, ahora se ha visto que es particular ..... bueno pues si es particular es particular y no hay más.

Luego hay otra cuestión, usted tiene la costumbre de hacer unos comentarios que rayan la mala educación, aquí se ha hecho un trabajo impecable y decir que esto es un trabajo trapalleiro pone en evidencia a todos los trabajadores del Concello que lo hicieron, a los vecinos de Vilanova que se molestaron en buscar las cosas e incluso a la Corporación que en un momento determinado estuvo trabajando en ello, entonces yo le rogaría que no utilicemos esos despectivos, parece que es como si usted nos mirara por encima del hombro a todos los que trabajamos en este Concello....>>

*“Si me permite...”* **di o Sr. Sierra Nieves.**

<<Cuando yo acabe **–di o Sr. Alcalde–** si no le importa. Entonces yo le agradecería que no se utilicen esas palabras porque, repito, pueden molestar a mi no, que yo y el Concelleiro y los Concelleiros estamos para esto, para aguantar las descalificaciones de la Oposición, pero a los trabajadores que se molestan en hacer las cosas lo mejor posible pues ¡hombre! evidentemente le puede molestar, eso también quería hacérselo saber. Y ahora no tengo ningún inconveniente en darle la palabra.>>

*“O que terxiversa –di o Sr. Sierra Nieves- e o que fai demagogia é vostede porque eu dixen que trapalleiro era a forma de proceder do Goberno e empecei a miña intervención dicindo que parabenicei ao Goberno, tanto na Comisión como agora, por un traballo feito con esforzo e non hai máis que velo, foi o que dixen...falei do modo de proceder do Goberno....”*

<<Bien, **–di o Sr. Alcalde–** en cualquier caso también le pido un mínimo de respeto para los Concejales del Grupo de Gobierno, que también se esfuerzan en hacer las cosas lo mejor posible.>>

Sen máis intervencións, a Corporación por 15 votos a favor do PSOE e do P.P. e 1 abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo, xa coa emenda incluída:

1) Retirar do proxecto de rueiro o *“Camiño da Fragua”*, por tratarse dun camiño particular, no que ademais non hai veciño algún. A súa inclusión é, polo tanto, innecesaria.

2) Aprobación do rueiro da localidade de Vilanova.

3) Que dende o Departamento de Estatística se leven a cabo os trámites necesarios para a súa entrada en vigor.

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE CULTURA E TURISMO RELATIVO Ó “CAMBIO DENOMINACIÓN DO LUGAR DE OUTEIRO EN XAGOAZA”.-**

Di o Sr. Alcalde que <<esto también se dictaminó en la misma Comisión que el punto anterior. Teníamos un escrito de un vecino que vive en el Barrio de Outeiro de Xagoaza y que había hecho una propuesta pedindo que se lle puxera Outeiro, porque resulta que en el Padrón, en el ordenador del Padrón Municipal, figura Otero, entonces todos esos vecinos vivían en Otero. Aprovechando que teníamos esto de Vilanova, estaba ahí pendiente, también aprovechamos para que a partir de ahora en los ordenadores del Concello figure Outeiro.

Esto fue dictaminado en la misma Comisión de Cultura del 19 y el acuerdo se tomó por unanimidad.>>

Sen máis intervencións, a Corporación por unanimidade dos dezaseis membros asistentes, adoptou o seguinte acordo:

1.- Cambiar o nome do barrio de Otero, en Xagoaza, polo de “Outeiro”, a súa verdadeira e tradicional acepción.

2.- Que dende o Departamento de Estatística se leven a cabo os trámites necesarios para a súa entrada en vigor.

A continuación o Sr. Presidente somete a votación a ratificación da inclusión na Orde do día do seguinte asunto sendo aprobada por unanimidade dos dezaseis membros asistentes:

#### **5.- PROPOSTA DA CONCELLALÍA DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E EDUCACIÓN SOBRE A CREACIÓN EN MONFORTE DUN CENTRO PÚBLICO DE CONTINUIDADE PARA PERSOAS DISCAPACITADAS E SEN AUTONOMÍA PERSOAL”.-**

Polo Sr. Alonso Araujo, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, Sanidade e Educación, dáse lectura á Proposta presentada, que di literalmente:

**\*\*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Colexio de Educación Especial Infanta Helena, situada en Monforte, presta dende hai anos un servizo fundamental para os pais e nais e para os rapaces e rapazas con diferentes graos de discapacidade.

Este centro acolle nas súas instalacións a menores con discapacidade de etiología variada das comarcas de Monforte, Sarria, Chantada, Quiroga e Valdeorras.

O labor que levan a cabo os/as profesionais do Infanta Helena cos rapaces e rapazas usuarios do Centro resulta primordial para o desenvolvemento educativo e a mellora da calidade de vida dos menores, pero, ademais, o servizo que presta este Centro de Educación Especial é de vital importancia para os pais e nais na medida en que lles posibilita levar a cabo unha vida digna, desenvolvendo as súas aptitudes como persoas capacitadas para exercer unha profesión e sumarse ao mundo laboral.

Os pais e nais do alumnado do Colexio de Educación Especial Infanta Helena atópanse con un grave problema cando os seus fillos cumpren 21 anos, idade máxima de acollida neste centro, unha situación que non pode resultarlle allea á sociedade da que formamos parte.

Despois de ter mantido un encontro cos pais e nais da ANPA do Infanta Helena, consideramos que estas persoas con distintos graos de discapacidade necesitan un centro específico onde dispoñan de atención permanente logo de cumprir os 21 anos. Tamén estimamos que a posta en funcionamento dun Centro destas características resulta imprescindible para que os pais e nais destes rapaces e rapazas poidan seguir desenvolvendo o seu papel na sociedade como persoas activas, con tódolos dereitos e capacidades para formar parte do mundo laboral.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

Instar á Xunta de Galicia a:

**1.-** Crear en Monforte de Lemos un Centro de Continuidade que acolla a estes mozos e mozas unha vez que cumpran os 21 anos de idade.\*\*

**Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo** para dicir “*nós botamos en falta que non houbera pasado este tema por unha Comisión, parécenos un tema importante y ó mesmo tempo que nós facíamos o debate en grupo decíamos, bueno e ¿porqué en Monforte e porqué non no Barco? ¿de qué forma vai a repercutir na xente do Barco?.....¿que hai que apoiar esto?, por suposto que si, non hai ningunha dúbida e pedirlle á Xunta, desde logo, que monte este Centro, pero nós botamos en falta información. Eu desde logo que non, o Alcalde evidentemente dirixe o Pleno como él queira, pero eu non penso que sea productivo estar debatindo media hora por unha \*b\* ou por unha \*v\*....entonces eu penso que si esto vai a Comisión, dáse unha explicación, nós vamos a votar a favor porque é un tema interesante en principio, pero eu penso que faltan moitos máis datos para que o Concello de O Barco de Valdeorras, ademais de ser solidario cunha solicitude tamén pois teña desde logo máis argumentos para apoiar eso, e desde logo se houbera habido unha Comisión onde todo o mundo poida opinar, como sabemos todos que sucede nas Comisiones, dunha forma máis distendida.*

*Desde logo a min gustaríame que vostede, xa que non se fixo en Comisión, explicara aquí un pouquiño máis polo miúdo pois en qué consiste esto e en qué repercutiría, neste caso, pois para a xente do Barco*

*de Valdeorras, posto que hoxe estamos no Pleno do Concello do Barco de Valdeorras. Moitas gracias.”*

**Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves** para dicir “*nós vamos a apoiar esta proposta da Concellalía de Medioambiente, Sanidade e Educación, porque vemos necesario a creación dun centro que dea continuidade á educación despois dos 21 anos. Ademais esta proposta foi feita en Monforte polo Alcalde e compañeiro, aprobárono no Pleno que celebraron este Luns onde xa se puxeron os terreos a disposición da Xunta para a construción dese Centro, pero tamén queríamos facer unha pregunta, si mo permite, supoñemos que o Goberno está concienciado das necesidades sociais ao traer este tema ao Pleno, xa que este Goberno presenta a proposta de creación dun Centro en Monforte, a 68 km do Barco ¿ten pensado apoiar aos usuarios dese Centro con algún tipo de axudas para desprazamentos?.”*

**Contesta o Sr. Alonso Araujo** que “*non pasou por Comisión porque recibimos a Proposta esta fai uns días, senón non habería ningún problema en pasalo por Comisión, en todo caso cóntolles un pouquiño a historia de toda esta Proposta. Esta Proposta que estamos facendo desde este Grupo de Goberno non é unha iniciativa nosa, é unha iniciativa da ANPA do Colexio Infanta Helena de Monforte, polo tanto nós simplemente agora mesmo aquí somos meros transmisores desa inqueda. Houbo unha reunión que convocou o Alcalde de Monforte fai uns días, a instancias do ANPA do Colexio de Educación Especial Infanta Helena, e nesa xuntanza pois pódolle dicir que estuvemos os Concellos de Chantada, Incio, Sarria, Vilamartín, Proba de Brollón, Monforte e O Barco.....é dicir de todos os colores políticos e todos salimos de alí coa mesma pretensión de levar aos nosos Plenos esta proposta e tratar de aprobala, porque era unha petición expresa da ANPA do Infanta Helena. Este Colexio, o Infanta Helena, é de Educación Especial que depende da Xunta de Galicia e inicialmente o alumnado pode estar alí ata os 19 anos, o que pasa que lle prolongan a instancia ata os 21 anos, déixanos estar ata os 21 anos, claro son alumnos con unhas deficiencias psíquicas e motoras importantes, co cual pois ó mellor en centros de día ou en centros tipo ASFVAL, como o que temos aquí no Barco, non collen, é dicir os pais teñen que estar pendentes deses rapaces na totalidade do tempo, son grandes dependentes, entón os pais o que pretenden é que haxa unha continuidade nesa labor educativa que están recibindo eses rapaces, de feito pois hai un montón de actividades que fan, a verdade é que se entrades na páxina web deles, do Colexio, vedes a cantidade de cousas que fan, incluso estiveron aquí no Barco que tiveron o apoio desta Concellalía, fai un par de meses, foron de visita polo Barco, son 36 internos que hai agora mesmo entre 3 e 21 anos, do Barco son 4 e de Vilamartín hai 1 e creo que había outro máis de O Barco, ou outra, non sei si era neno ou nena, que xa pasou dos 21 anos co*

*cual tuvo que marchar para casa e eso implica que alguén na casa ten que estar as 24 horas do día casi con eles, menos cando dormen o resto do día teñen que estar con eles.*

